



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE FERROL PARA O PROXECTO DE RENOVACIÓN, RESTAURACIÓN DE PATOLOXÍAS E MODERNIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER PARA A SÚA ADECUACIÓN COMO MUSEO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ferrol para realizar o proxecto de adecuación do centro cultural Torrente Ballester para mellorar os seus espazos adecuándoo para o seu futuro uso como museo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Ferrol precisa renovar, restaurar e modernizar o centro cultural Torrente Ballester para a súa adecuación como museo. O deficiente estado de conservación do centro cultural Torrente Ballester non permite o seu actual uso como museo, debido a patoloxías por humidades e filtracións, deficiencias na cuberta, sistema de protección contra incendios obsoleto, iluminación e eficiencia enerxética deficitaria...

Por todo o anterior, o concello de Ferrol é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

